

**PALABRAS DE PABLO GONZÁLEZ MARIÑAS NA PRESENTACIÓN DO LIBRO
RETORNO A IRIA FLAVIA (OBRA DISPERSA Y OLVIDADA, 1940-2001) DE
CAMILO JOSÉ CELA, NA FUNDACIÓN CAIXA GALICIA DA CORUÑA.
XOVES, 1 DE FEBREIRO DE 2007**

I.-Quero antes de nada agradecer a Olivia Rodriguez, autora, e a Henrique Alvarellos, editor, que me convidasen a participar neste acto de presentación dun libro tan ben concebido e de tan coidadosísima elaboración e edición como podemos comprobar. Un libro elegante, pracenteiro a tódolos sentidos: á vista, ao tento e, dende logo, á lectura, ao pracer enteiro de posuir e sentirse posuido por textos, por verbas e por evocacións inesquencibeis, que forman parte da memoria vital de calquera lector aplicado da nosa mellor literatura; na que, sen dúbida, figura Camilo José Cela, gravado con selo indelével.

Sería tamén moi inxusto non recoñecer neste momento a impagabel devoción de Olivia pola tarefa de “buscar, animar e recibir” literariamente a escritores galegos novos (como fixo con poetas emerxentes naquel delicioso libro chamado *Das sonoras cordas*), e a tarefa de esculcar e escolmar tamén en escritores consagrados (como este Cela que hoxe nos presenta), que falan de Galiza, da Galiza que a todos nos nutre e nos mantén. Grazas, Olivia.

E grazas tamén a Henrique Alvarellos, porque ben sabemos todos que o labor de editor é máis propio de filántropos ou de pródigos tolos que de calquera cousa de lexítimo proveito persoal.

II.- Até aquí todo está claro e, a máis, é de lei. O que non está, en troca, tan clara é a razón de por qué fun convidado a esta presentazón, xa que de todos é sabido que non son un experto nin teño condicións para a crítica literaria.

Quizáis a miña única bagaxe estribe en ser un voluntarioso lector. E así, con esta lixeira equipaxe (e unha certa ousadía), atrevome a facer algúns comentarios verbo do que me pareceu este libro, do que sentín ao lelo agora. Por se poidesen seren de interese.

III.- Teño que confesar que a miña primeira impresión foi moi “proustiana”. Cómpre dicir que sentín a sensación de “mollar a madalena no café antigo da vida”, das horas xa mortas; porque todas ou case todas estas cousas de Cela xa as lera hai 30 ou 40 anos, e aboiaban nesa subsciente cortiza sutil que son as imaxes nunca de todo esquecidas. Ao reler estas páxinas, albisquei a “nube de leite” no figurado te das tardes de outrora; sentín volver ao cárcere dos recordos, tal como debe sentir quen estivo na cadea cada vez que petisca nun codelo de pan duro... Nesta última imaxe é ben claro que parafraseo a Pavese:

“L’uomo solo -che é stato in prigione- ritorna in prigione ogni volta che morde in un pezzo di pane”.

Para a xente da miña xeración, Cela era unha especie de iconoclasta mitificado. Rexeitabamos boa parte das súas concomitancias políticas. Mais faciamos abstracción diso pola súa literatura. Adorabamos *La familia de Pascual Duarte* ou *El viaje a la Alcarria* (eu mesmo cheguei a facer isa viaxe con mapas e mochila, na compañía de amigos cómplices de devoción celiana); gustábamnos da súa linguaxe ríspida e aspada, a linguaxe daquela xente que (como diría Blas de Otero) almorzaba “cachos de palabras” e non cursis torradas con marmelada; e admirabamos ise tan seu de gozar e ferir constantemente (coma unha das súas letanías de catarse liberadora) nos baixíos e restingas da España carpetobetónica e solanesca, que tanto des prezabamos e queríamos deixar atrás.

Volver a Cela, retomar hoxe páxinas de Cela é, para alén do disfrute literario, por a nosa memoria persoal na balanza do tempo. É examinarnos de Quevedo, de Xaquín Costa, de Macías Picavea, dos costumbristas (tamén de Mesonero Romanos ou de Baroja) e, dende logo, de Rosalía, de Francisco Añón, de Risco, de Cabanillas, de Otero Pedrayo, de Celso Emilio... Eu diría que é tanto como analizar, con lupa de moito aumento, unha parte da nosa propia conciencia larvada: ver o vellos que xa somos na persistencia teimuda dos recordos e das utopías. É observar con anteollos os “casticismos” fatalmente cristalizados no noso arquivo vital, dos que sempre quixemos ceibarnos. É tamén ver o gastadas que van as pretendidas vangardas de entón (como dicía Borges, ¡canto mella o tempo as heróicas espadas!); i-é asemade comprobar o mexeriqueiros que hoxe nos parecen aqueles “atrementos” léxicos do xoven Cela, o pouco que xa nos impresionan as súas palabras malsoantes, utilizadas hoxe en día a cotío por viúvas e rapazas de quince anos; i-é tamén constatar o “casposo” das súas izas, rabizas e colipoterras... que poboaron paisaxes coruñeses de antano, Papagaio arriba, dos que xa non queda nada, quizáis tan só o rótulo da rúa, que un día lle agasallou a D. Camilo o alcalde Liaño.

En calquera caso, nada disto é crítica o minusvaloración. É tan só raíz e consecuencia do paso do tempo: tempo vital e literario. E paga a pena de sentilo e gorentalo. Iste libro ofrécenos unha inigualabel oportunidade para elo.

IV.- Hai unha segunda sensación punxente, que reviviu en min na lectura destas páxinas: a perfeición formal dos escritos de Cela, textos exactos de dimensión, de palabra, de ritmo e de expresividade.

Non é doado atopar unha cacofonía ou unha reiteración non buscada de seu. E se un, por rara casualidade dá con ela, a aliteración renxe ao momento, como illa descolocada nunha mar harmónica de sintonía.

Nun artigo recollido neste libro (“El cementerio inundado”, 1946), Cela utiliza o adxectivo “airoso” dúas veces no espazo de oito liñas. É algo por completo excepcional. Coido que, de decatarse, D. Camilo sentiríase moi desacougado. Nunha ocasión, das poucas nas que tiveron oportunidade de falar con íl, confesoume que a maior parte dos seus textos estaban escritos e reescritos ¡até 17 veces!. É a coñecida falta de improvisación á que Olivia se refire con grande acerto.

Como é obvio, nada disto ten que ver coa “letanía” celiana, esa especie de “coro grego”, ese buscado e repetitivo artificio que de forma periódica y rítmica nos lembra a cada pouco nos seus relatos o nervo argumental, a urdime básica da obra: ben sexa a eternidade oceánica en *Madera de boj* ou o determinismo da vinganza na *Mazurca para dos muertos*.

Por certo que hai un determinismo vago, esvaído, como presentido... un fatalismo intensísimo en Pascual Duarte (“O mesmo coiro temos todos os mortales ó nacermos, e máis así é todo, conforme imos medrando, o fado fólgase en nos trocar como si forámos cera e en nos encamiñar por vicios diferentes cara ó mesmo fin...”) mais que aflora tamén en moitos artigos recollidos no libro, baixo formas literarias metafóricas:

Cando en 1943 describe Iria Flavia, parece proclamar a rebeldía fronte ao destino imposto daqueles que, “como prestidigitadores, como taumaturgos, colocados como mejor les acomoda”, ignoran “la ley inexorable que orienta contra el viento y sobre las anclas de proa de los barcos”.

Mais outras veces non hai rebeldía ningunha. Viaxando en tren a Vilagarcía, escribe Cela:

“El viento cambia; todos los barcos obedecen girando lentamente sobre el ancla de proa, el humo se disipa...”

Calquera sabe se haberá en todo isto algunha mensaxe críptica.

V.- O que ocorre é que iste Cela que hoxe nos concreta e nos recorda Olivia é un Cela moi galego. O noso libro é unha selección magnífica da visión que Cela ten -e vive- de Galiza; unha visión, por certo, que a estas alturas, proporciona moitos gozos e algunhas sombras: alegría e desasosiego. É o que ten o volver sobre as cousas, desandando o tempo, a vida e os xuízos.

Daquela, coido que o mellor será que, como lector deste libro, lles diga aquilo que gustei nil, o que me despraceu e, en fin, o que me fixo reflexionar. Sen me estender moito, eso si, para non esgotar a súa bendita paciencia.

a) Disfrutei co achegamento de Cela ao celtismo, coa súa mitificación das oliveiras centenarias, as árbores funerarias dos celtas, que se liga ao mellor imaxinario de Murguía ou de Vicetto.

E disfrutei cunha fermosa afirmación literaria da Galiza-nación, valeroso clan, agochada nunha oportuna referencia a Renan:

“La golondrina -dice D. Camilo- anida en los tejados, la maternal paloma en los desvanes, y la gallina familiar, el cerdo familiar, la vaca familiar -¡oh, manes de Renan!- duermen a la vera misma de la matrona celta, del patrón campesino y de los catorce hijos. Mientras haya en el mundo una matrona irlandesa, bretona, gallega... el mundo perdurará”.

b) Disfrutei cando lin que “un aire beatífico flota sobre Iria Flavia, ingrávido como una estival libélula y lento como las rosas de la decadencia...” Parecen liñas de calquera escritor da Mitteleuropa que asombrara a Risco, de Robert Musil, de Walser, do oficio de poeta no medio da crise e agonía do Imperio, mesmo liñas de Claudio Magris... Mais as resonancias verdadeiras son da gaita galega, das sonatas do marqués de Bradomín que, ¡claro é!, aparece de seguido no artigo, imitando o son da muiñeira:

“Cantan las mozas que espadan el lino
Cantan los mozos que van al molino
Y los pardales en el camino”.

“Fun unha noite ao muíño
Cun fato de nenas novas
Todas elas en camisa,
Eu no medio sen cirolas”.

c) Disfrutei coas súas reflexións verbo da conexión vital dos galegos coa súa terra, de que tanto falaron Risco e García Sabell. Isa trabazón telúrica, que leva sempre ao galego a querer volver, mesmo para morrer e facerse terra da terra; isa Terra que quería comer Vilar Ponte, nun acto de sagrada expresión dise sentimento, que é unha especie de sacrificio matricial, nutriente de esencia de Galiza.

¡Que ben advirte todo isto Cela cando, en 1953 (“La morriña en la literatura gallega”), lembrando a Francisco Añón, di que unha das características sobranceiras do romanticismo galego é “cantar a la tierra con los mismos delicados y desesperados acentos con que pudiera cantarse a una mujer imposible”.

Imbuído dista convicción, cando en 1948 morre Francisco Camba (que tiña polo visto a obsesión de que os seus osos non fosen parar ao cimiterio do l’Este, para íl “un camposanto arrepiente” no que Madrid garda -dicía- aos seus mortos máis tristes e máis abandonados), Cela fai todo o posibel para traer o seu corpo a Galiza, porque Camba quería ser sepultado, como calquera galego, “en la amorosa y húmeda tierra que lo vio nacer, sin duda la mejor tierra del mundo para descansar, de vivo o de muerto, ¿qué más da?”, di D. Camilo.

Reparen vostedes neste “¿que más da?”, porque aí se apunta outra clave moi nosa, explorada por Cela: a equivocidade tan galega entre a vida e a morte. Nun artigo dedicado a Rosalía de Castro di que ela foise “doblada sobre el tallo como una violeta silvestre”; foise na véspera do Carme, cando “atruenan ya las bombas el cielo de las primeras romerías y las mozas se visten el rojo, procaz corpiño de enamorar”. E inmediatamente a seguires desta plástica expresión de vitalidade, medita Cela (contrapunto dramático) que a todo galego divirte morirse rodeado de conmiseración, para poder dicir “aí vos quedades”... un país -conclúe- “lleno de dolor, donde se baila sobre los muertos, se alimentan criados leprosos y se inventa una salve gozosa en loor de Santa María, madre de Nuestro Señor”.

d) Disfrutei moito tamén coa súa alporizada reclamación de respecto para a toponimia galega, que fai Cela de forma teimuda; unha reclamación que acada o seu cumio cando fala burlonamente da deturpación de San Xenxo, “ese Ginés castellano -dice- disparatado en los mapas y nomenclátóres como un Sangenjo, que nada significa y a nada bautiza”.

e) Disfrutei, por suposto, coa súa devoción por Rosalía, fondura permanente do seu nome galego... Rosalía á que namorosamente se refire como “sismógrafo de los más mínimos y elementales movimientos de las almas”. Como di Otero Pedrayo, “Camilo José Cela garda con amor as bágoas de Rosalía e a xentileza dos seus vales de adeuses”.

f) Disfrutei cos esaxerados arcaísmos que usa con profusión. Gústalle os acenos grandes, solemnes, patriarcais... gústalle o tremendismo barroco de D. Ramon del Valle-Inclán; tremendismo de situación e linguaxes... E mesmo semella imitar o seu afán pola alcurnia da súa estirpe, o orgullo dunha linaxe que non para de ensalzar, a distinción social que, moitas veces, identifica curiosamente coa súa orixe inglesa.

Podemos ver algúns exemplos.
Descrindo o veraneo en Vilagarcía:

Dicen elas: “Niños, sacaos del mirador que se van a bañar las señoritas de Trulock”.

“Las señoritas de Trulock son mis tías: llevan pantalón largo, amplia blusa de lana, muñequeras, tobilleras, lazos...”

É só un exemplo. Hai moitos máis:

Noutro artigo, escrito en 1953, relata como il xogaba non baixo árbores de modesto acivre, senón “bajo las encarnadas bolitas de holly del jardín de la abuela”; e xogaba, por suposto, non xogos ordinarios, senón xogos raros e “civiles pasatiempos”, propios dun “poeta niño y sentimental”.

Certo é que de Valle quedalle non só isto, tan frívolo, senón o estilo e a mesma reflexión sobre a expresión artística. Cela asume, como Valle, que “fondo y forma

son una y la misma cosa nombrada por parcelas” y que, quizá, “alma y máscara (conciencia y simulación) sean una y la misma cosa y todavía no lo sepamos”. Como é lóxico, ambos e dous amaban a Goethe; e iste tiña escrito había moito que “a materia está á vista de calquera, que só quen ten algo que engadirlle á materia atopa o contido e que, en definitiva, a forma é un misterio para a maioría”.

g) Non disfrutei, en troques, con algún artigo, como o que chama “Itinerario poético a través de la confusa tierra gallega” (1944), que comeza así:

“...bajo el tibio cielo cariñoso que sabe de trasgos y aparecidos. De ánimas que vagan en penitencia a orilla de las rumorosas corrientes y de meigas que pueblan el sombrío robledal; alrededor de las piedras románicas, florecidas del vetusto musgo, de la capital sentimental y entrañable, Galicia: múltiple, quimérica, sencilla, ancestral como la vieja raza de sus pobladores...”

Xulguen vostedes. Xúrolles non ter mudado unha vírgula. Mais a verdade é que resulta difícil crer que Cela caera nesta “literatura” de almanaque ou de guía turística barata... Poidera ser que se trate dunha brincadeira máis de D. Camilo. Sexa como fose, Cela tamén é isto, na confusión tan súa de achadegos xeniais e vulgaridades inaturabeis.

h) Hai outra cousa que gustaría de comentar, se a súa paciencia resiste. No artigo “El cementario inundado” (1947) lamentei a desdicha de que o texto non estivese en galego.

Eu coido que, de ter sido así, expresións como “coliflores airosas como palmeras” o “suena un vientecillo fresco entre las torres de Santa María”, todo elo falando da veiga de Padrón, ou ben serían coutadas de raíz ou ben acadarían unha máis acaída resonancia de país, de país galego, ditas na lingua nai da nosa Terra. Porque cando menos a min, nesos textos pésame moito San Millán de la Cogolla ou Gonzalo de Berceo...

Ao igual que non me prende ningunha evocación crible das campás de Bastabales se, como fai D. Camilo, nos referimos a elas como “un deleitoso cosquilleo (que) corre, saltando a un loco compás, cual ardilla soltera, por el bosque secular”.

Insatisfacción semellante prodúcenme frases que recordan máis ao Borges de “Los Dones” que por exemplo a Rosalía. Fala Cela con ironía do paisano típico de Padrón, “que se sienta -di- a la puerta de su casa, con sus hijos, su ganado, su mujer y sus ropas, a ver cómo el tiempo se distrae secando lo que el mal tiempo mojó”. A verdade é que eu na miña vida vin a un paisano noso en semellante actitude; agora ben, se o escribisemos en galego, algo gañaríamos en aproximación, deixando dende logo máis imprecisos (e non tan “enumerativos”) o tempo, as cousas e mais o espazo, como aconsellaba Pitigrilli.

Por iso penso que tivo razón D. Camilo en pedir axuda , como así fixo, a Otero Pedrayo e Vicente Risco para por en galego *La familia de Pascual Duarte*. Estendelo a outras pezas literarias súas houbera sido tamén enriquecedor.

VI.- O libro ofrece asemade moitas mostras do Cela máis provocador. Non quero alongarme nisto, que é ben coñecido. Falar dos galegos como “una siembra de gitanos blancos” ou das mulleres en xeral como mozas acurrucadas cual cadelas “que piensan esperándonos, horas y horas, con la blusa de lino sobresaltada y la roja saya ligeramente sujeta con un prendedor de plata de Compostela”... non parecen senón fanfurriñadas (baladronadas, diría él) que un non chega a saber se son incitacións provocadoras ou simple expresión dun impropio pensamento propio.

VII.- En calquera caso, temos que aceptar que Cela é todo iso e moito máis. E todo é Camilo José Cela. Tamén dende logo os xeniais lóstregos expresivos que escintilan a súa prosa; a súa barbarie, en calquera caso buscadamente culterana; a súa ironía mordaz, tan de Quevedo; o acerto das súas metáforas... Tan só un exemplo:

“la lagartija gris, menuda y rápida, como el llanto de una niña recién nacida”.

Para Gómez de la Serna (o Gran Ramón), o cabezolo, a lagartixa, era, seguro que se lembran, “coleta de torero de las tapias”. Tamén non creo que esta greguería disgustase a D. Camilo.

VIII.- O libro está inzado tamén de extraordinarias “bromas bárbaras”, esperpénticas ás veces. Tamén aquí un só exemplo:

“El magnolio es el árbol a cuya sombra los señores escriben las dos únicas cosas que merece la pena escribir: cartas de amor y ejecutorias”.

IX.- E, ¡como non!, recreándose na misteriosa categoría de “o barroco”, o Cela ofensivo, turbador, sen razón, sen equilibrio, sen medida, panteista irredento, como pedindo perdón pola súa condición pecaminoisa, achegase, ao final, ao Finisterrae, que o fascina e engaiola:

“Finisterre -di- no está en el fin del mundo, sino que es el fin del mundo en el que vivimos y morimos, la serena y tormentosa linde de la tierra a la que jamás amaremos bastante. Finisterre es la última sonrisa del caos del hombre asomándose al infinito”.

Parecera que aos grandes homes non só lles une a ameaza das potencias tenebrosas, senón tamén unha misteriosa conciencia común ante as cousas grandes. D. Eugenio D’Ors, no seu libro *Lo barroco*, enfeitizado tamén por Fisterria, escribiu o seguinte:

“Irlanda, Bretaña, nuestra Galicia guardan en el fondo de su alma el pánico inmemorialmente adquirido en el tiempo en que estas tierras se encontraban al

borde de un mar a cuya extensión no se atribuía límites: no se ocupa un palco proscenio impunemente, en el gran teatro del misterio.

Tamén ese Cela maxestuoso téñeno, se o queren disfrutar, neste libro magnífico e suxerente, que os nosos amigos Olivia e Henrique nos ofrecen como un verdadeiro agasallo para o espírito.

Moitas grazas pola súa amábel atención.